



PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2.5 REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL

Sendo necesario a actualización das Ordenanzas e actualización das tarifas vixentes, é necesario abordar a revisión das Ordenanzas Fiscais que, seguindo os preceptos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se aprobaran para a ordenación dos tributos locais, co fin de acomodar o seu rendemento previsible tanto ao aumento do custo das necesidades xerais que han de atenderse coma aos aumentos do custo de prestación dos diferentes servizos.

Neste sentido, no caso das Taxas por prestación de servizos ou pola realización dunha actividade administrativa de competencia local, ha de estarse ao disposto nos artigos 24 e 25 da referida Lei, que establecen que o importe estimado das taxas pola prestación dun servizo non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo que trate, e que deben situarse a un nivel tal que, á vista de informes técnico-económicos, poidan previsiblemente cubrir a maior parte do custo dos servizos que haxan de financiar.

No caso da taxa do cemiterio municipal, para o Concello é unha operación rentable en termos sociais e económicos. Isto é así porque se tenta cubrir unha demanda existente de nichos no cemiterio municipal, que xa está ao límite da súa capacidade construída e porque a obra ven financiada pola Deputación Provincial, polo que para o Concello é claramente beneficioso.

Aínda que está pendente o expediente de licitación dos nichos para os particulares, pode ir aprobándose esta ordenanza porque non só afecta aos novos nichos, senon que sería aplicable para os xa existentes no referente a outros servizos funerarios, como a comunicación de inhumacións, exhumacións e rexistro de permutas, entre outros.

Por todo elo, propónse ao Pleno a aprobación da seguinte ordenanza, derogando a ordenanza anterior, para a súa aplicación ao día seguinte ao do anuncio de aprobación definitiva da ordenanza.

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Nº 2.5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, segundo a redacción que figura como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Exponer no Taboleiro de Anuncios da Entidade durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. O anuncio de exposición pública publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO.- Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

Cedeira, 09 de novembro de 2016

O ALCALDE,

Pablo Diego Moreda Gil



ORDENANZA FISCAL Nº 2.5 REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa do Cemiterio Municipal", que rexerese tanto por a presente Ordenanza Fiscal, así como no seu caso, pola Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos Tributos e outros Ingresos Públicos, e demais normativa de aplicación, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 57 e concordantes do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos; rexistros e transmisión de nichos e comunicacións de inhumacións e exhumacións, e calquera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria mortuoria sexan procedentes ou autorícense a instancia de parte.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

Serán substitutos do contribuínte as empresas funerarias que tramiten e concerten os servizos correspondentes.

Artigo 4º. Responsables

A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, das obrigas tributarias do suxeito pasivo, aplicarase nos supostos e co alcance que se sinala nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Exencións subxectivas

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos de cadáveres de persoas que se achan no umbral da pobreza. A devandita situación será apreciada mediante Decreto da Alcaldía, logo de informe social emitido por Servizos Sociais.
- b) As inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectuen na foxa común.

Artigo 6º. Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte Tarifa:

CONCEPTO	Cota
Epígrafe 1º. Arrendamento de nichos por setenta e cinco anos Polo arrendamento de nichos, durante setenta e cinco anos	430,00



Epígrafe 2º. Arrendamento de nichos ata un máximo de 10 anos	
Polo arrendamento de nichos ▪ Por cada 5 anos, prorrogable por outros 5 anos, cun máximo de 10	75,00
Epígrafe 3º. Comunicaci3ns de inhumaci3n ou exhumaci3ns.	5,00
Epígrafe 4º. Rexistro de permutas e transmisi3ns. Inscrici3n nos Rexistros Municipais de cada permuta ou transmisi3n que se conceda, de sepulturas ou nichos dentro do Cemiterio.	10,00

Artigo 7º. Remuneraci3n e devengo

Devengarse a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestaci3n dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que a devandita iniciaci3n se produce coa solicitude daqueles, ou cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuaci3n municipal de oficio. No caso dos epígrafes 2 antes da finalizaci3n do prazo de arrendamento, se deberá solicitar e aboar a prórroga correspondente.

Artigo 8º. Declaraci3n, liquidaci3n e ingreso

1. Os suxeitos pasivos solicitarán, no seu caso, a prestaci3n dos servizos de que se trate.
2. De conformidade co previsto no artigo 26.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, toda solicitude, para que poida ser admitida a trámite, deberá acompañarse do xustificante do pagamento da presente taxa.
3. Ao amparo do establecido no artigo 27 do citado texto legal, o importe da taxa regulada na presente Ordenanza, esixirase en réxime de autoliquidaci3n, debendo presentarse simultaneamente coa oportuna solicitude, non facultando o peticionario para realizar a actividade solicitada, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a correspondente autorizaci3n.

En todo caso, unha vez iniciado o expediente, a Administraci3n municipal poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo dos dereitos correspondentes e, á vista dos resultados de tal comprobaci3n, practicarás no seu caso a liquidaci3n, con deduci3n do ingresado, se é o caso, mediante autoliquidaci3n.

A práctica da liquidaci3n, no seu caso, éo sen prexuízo da potestade administrativa para a inspecci3n dos datos declarados ou da actividade desenvolvida realmente polo suxeito pasivo, e para a aplicaci3n de sancions, se iso fose procedente.

4. Todas as liquidaci3ns que se practiquen como consecuencia da regulado nos apartados anteriores serán notificadas aos obrigados ao pagamento da taxa, para o seu ingreso nas arcas municipais, a través de entidade colaboradora correspondente, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento.

5. Os escritos recibidos polos condutos distintos do Rexistro Municipal, a que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que non veñan acompañados do xustificante de ingreso dos dereitos correspondentes, serán admitidos provisionalmente pero non poderá dárselles curso sen que se emende a deficiencia ao fin da cal se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa notificado o devandito requirimento, aboe as cotas correspondentes co apercebimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non



presentados e será arquivada a solicitude, previos os trámites oportunos.

Artigo 9º. Transmisión e recuperación

1. Os arrendatarios dos nichos unicamente poderán transmitir o dereito de arrendamento polo tempo restante, no caso de transmisión mortis causa entre familiares ata o terceiro grao de parentesco, ben por cosanguineidade ou afinidade.
2. Fóra do suposto sinalado no apartado anterior, o arrendatario poderá renunciar ao dereito de arrendamento polo tempo restante, tendo no seu caso dereito á devolución da parte proporcional correspondente.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que por estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desta última.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da aplicación da presente Ordenanza Fiscal, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango opóñanse ao disposto nesta, e en particular a Ordenanza anterior publicada definitivamente no BOP 299 de 31 de decembro de 1998.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.